

CURSO DE MONITORES-INICIADORES DE SURF, LONGBOARD E BODYBOARD

CONVOCATORIA

A Federación Galega de Surf convoca o **“Curso de Monitores-iniciadores de surf, longboard e bodyboard”**, que acredita que o titular posúe as competencias precisas para iniciar ao surf as persoas que así o desexen, garantindo a súa seguridade.

OBXECTIVOS

Esta titulación capacita o/a monitor/a para:

- Organizar e desenvolver axeitadamente unha clase de iniciación ao surf, longboard e bodyboard
- Instruír aos alumnos sobre as técnicas e tácticas básicas do surf, longboard e bodyboard
- Ensinar a utilización dos materiais específicos do surf, longboard e bodyboard
- Ensinar e facer cumprir as normas básicas do regulamento de surf
- Garantir a seguridade dos practicantes e se fose preciso aplicar os primeiros auxilios.

ESTRUCTURA CURSO DE MONITOR-INICIADOR

Sábado pola mañá: de 9:00 a 14:00 horas

- Área de comportamento e aprendizaxe.....4h.
- Área de primeiros auxilios.....1h.

Sábado pola tarde: de 16:00 a 21:00 horas

- Área de coñecemento do medio e o entorno.....2h.
- Área de didáctica.....2h.
- Área de táctica e regulamento de surf.....1h.

Domingo pola mañá: de 10:00 a 14:00 horas

- Área de técnica básica do bodyboard.....1h.
- Área de técnica básica do surf e longboard.....1h.
- Iniciación á práctica.....2h.

Carga horaria: 14 horas

• AVALIACIÓN.

Os alumnos terán que realizar unha unidade didáctica de iniciación, podendo consultar os apuntes e documentación que sexa precisa. As unidades didácticas deberán entregarse antes da data límite (1 mes), na Federación Galega de Surf, a través de e-mail ou correo.

REQUISITOS INSCRIPCIÓN

- Idade mínima 16 anos (os menores de idade precisan permiso paterno).
- Título de Graduado en Educación Secundaria ou proba de madurez complementaria aprobada.
- Licenza Deportiva da Federación Galega de Surf do ano en curso.
- Ter un dominio básico no medio acuático (recomendado: deportistas practicantes de surf, longboard ou bodyboard).
- Certificado médico oficial
- Fotocopia do D.N.I.
- Número de alumnos: mínimo 15 e máximo 35.

DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN:

- Presentación e inicio do curso26 de Abril (A Coruña-INEF).
- Formación teórico-práctica..... 26 e 27 de Abril (A Coruña-INEF).
- Avaliación Ata 31 de Maio (na Federación Galega de Surf).

PREZO DO CURSO

A inscrición no curso, inclúe documentación do curso: 60€
(50% desconto para mulleres)

INSCRIPCIÓN

Inscrición do curso: Ata o 23 de Abril de 2008 (inclusive)

Condicións de pago:

Mediante ingreso ou transferencia bancaria a nome da Federación Galega de Surf na conta de Caixa Galicia: 2091-0567-74-3040003179
Sinalando CURSO DE MONITOR-INICIADOR e o nome e apelidos do alumno.

Co impreso de inscrición deberá adxuntar:

- Fotocopia do ingreso bancario.
- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia cotexada da titulación académica.
- Certificado médico oficial.

A documentación deberase entregar ou enviar a Federación Galega de Surf.